

**ORDENANZA FISCAL NÚM. 24.- REGULADORA DA TAXA POR
RECOLLIDA E RETIRADA DE VEHÍCULOS DA VÍA PÚBLICA.**

CAPITULO I.

CONCEPTOS XERAIS.

ARTÍGO 1.-

NATUREZA E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local e concordantes da lei reguladora das facendas Locais, este concello establece a taxa por recollida e retirada de vehículos da vía pública, que se rexerá por esta ordenanza fiscal.

ARTÍGO 2.-

FEITO IMPOÑIBLE.

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal derivada da retirada, traslado e depósito de vehículos, nalgunha das circunstancias enumeradas no artigo 71 da Lei de Seguridade Vial, artigo 292 do Código de Circulación, artigo 91.2 do Regulamento Xeral de Circulación e demais normativa reguladora, a tal efecto procedera a retirada e depósito nos seguintes casos:

- a) Por requirimento das autoridades xudiciais ou administrativas.
- b) Cando, inmovilizado un vehículo por axentes de tráfico e polos motivos sinalados no Regulamento Xeral de Circulación, transcorran máis de 48 horas sen que o conductor ou propietario corrixan as deficiencias ou retiren o vehículo.
- c) No caso de accidente que impida continuar a marcha.
- d) Cando inmovilizado un vehículo, dacordo co disposto no artigo 67.1, 3º, da Lei sobre Tráfico, o infractor non acredite a súa residencia habitual en territorio español e manteña a súa negativa a depositar ou garantir o pago do importe da multa.
- e) Vehículos abandonados na vía pública ou terreos adxacentes.
- f) Vehículos que obstaculicen ou entorpezan a circulación doutros vehículos ou peóns, o funcionamento dalgun servicio público ou deteriore o patrimonio público.
- g) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes da vía reservados exclusivamente para a circulación ou servicio de determinados usuarios.



- h) Cando procedendo legalmente a inmovilización do vehículo non houberse lugar axeitado para practicar a mesma sen obstaculizar a circulación de vehículos ou peóns.

2.- O feito impoñible tamén está constituído pola inmovilización por medio dun procedemento mecánico que impida a circulación dos vehículos estacionados de forma irregular sen perturbar gravemente a circulación.

ARTÍGO 3.-

OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.

A obrigação de contribuír baséase na actividade municipal de prestación de calquera dos servizos enumerados no artigo 2), motivados directa ou indirectamente pola actuación ou a conduta negligente dos condutores, titulares ou propietarios dos vehículos prevista no código de circulación e disposicións complementarias, que regulan a retirada de vehículos da vía pública deste concello e bandos da alcaldía.

ARTÍGO 4.-

SUXEITOS PASIVOS.

- a) Os titulares administrativos ou propietarios dos vehículos en situación de abandono; de tratarse de servizos de retirada, transporte, depósito e custodia.
b) Os condutores dos vehículos e subsidiariamente os seus titulares; de tratarse de servizos de inmovilización, retirada, depósito e custodia, por estacionamento defectuoso ou abusivo na vía pública.

ARTÍGO 5.-

PERÍODO IMPOSITIVO.

A obrigação de contribuir nace no momento en que se preste ou se inicie a prestación do servizo, sen prexuízo neste último caso da redución da cota establecida no artigo 8, cando o condutor, titular ou encargado se faga cargo do vehículo e proceda a retiralo pola súa conta.

Salvo as exencións previstas nesta ordenanza, os gastos que se orixinen como consecuencia da retirada ou inmovilización do vehículo serán por conta do titular, que deberá abonalos ou garanti-lo seu pagamento como requisito previo á devolución do vehículo, sen prexuízo do dereito de recurso que lle asiste e da posibilidade de repercutilos sobre o responsable do accidente, do abandono do vehículo ou da infracción que dera lugar á retirada.

ARTÍGO 6.-

BASE IMPOÑIBLE.

A base imponible das taxas reguladas na presenta ordenanza está constituída polo resultado de aplica-los tipos de gravame establecidos na tarifa e á clase de servicio prestado, tendo en conta a súa duración.

A base liquidable coincidirá coa imponible, salvo os supostos nos que sexa de aplicación a redución que prevé o artigo 8º.

ARTÍGO 7.-

EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Estarán exentos do pagamento das taxas polos servicios regulados na presente Ordenanza os traslados de vehículos que sexa preciso retirar das vías públicas no caso de roubo ou outras formas de utilización do vehículo en contra da vontade do seu titular, debidamente xustificadas e os recollidos nos supostos 11 e 12 do apartado III do artigo 292 do Código da circulación.

ARTÍGO 8.-

TARIFAS.

1.- Os dereitos esixibles fíxanse na seguinte contía:

- | | |
|---|------------------|
| a) Pola retirada de ciclomotores, motocicletas, e triciclos | 44,35.- € |
| b) Pola retirada de motocarros e demais vehículos de características análogas | 29,80.- € |
| c) Pola retirada de automóbiles turismo, e polas camionetas furgonetas e demais vehículos de características análogas con tonelaxe hast 1.500 Kg | 44,35.- € |
| d) Polas retiradas de camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas, furgóns e demais vehículos de características análogas con tonelaxe superior a 1.500 Kg e sen excede-los 5.000 Kg. | 57,30.- € |
| e) Pola retirada de toda clase de vehículos con tonelaxe superior a 5.000 Kg, as cotas serán as sinaladas no epígrafe anterior, incrementadas en 7,45.- € por cada 1.000 Kg ou fracción que exceda de 5.000 Kg. | 7,45.-€ |
| f) Nos percorridos fóra do casco urbano, sobre a cantidade fixada anteriormente, por cada Km. percorrido | 0,85.- € |
| g) As cotas resultantes dos conceptos anteriores do artigo 8 desta tarifa incrementaranse nun 50 % cando os servicios que as motivan teñan lugar das 20,00 horas as 8,00 horas, e durante os festivos e fins de semana (dende as 0 horas do sábado áta as 24 do domingo). | |

h) As tarifas resultantes do artigo 8 reduciranse nun 50 % se o conductor ou persoa autorizada comparece antes de efectuarse o traslado, aínda que o vehículo estea enganchado á grúa ou sobre a plataforma, pero non haberá lugar se xa se iniciara o traslado.

A anterior tarifa completárase coas cotas correspondentes ó depósito e garda dos vehículos dende a súa recollida, así como o transporte suplementario que requirise o traslado de ditos vehículos a outros recintos establecidos dentro de casco urbano. Este transporte poderá efectuarse cando resulten insuficientes os locais nos que foran depositados e non antes das seis horas da súa recollida.

2.- As contías das referidas cotas serán as seguintes:

1.- Ciclomotores, motocicletas, velocípedes e triciclos	7,65.- €
2.- Motocarros, e demais vehículos de características análogas	7,65.- €
3.- Automóbiles turismos, furgonetas e demais vehículos de características análogas, con tonelaxe ata 1.500 Kg.	7,65.- €
4.- Camións, tractores, remolques, camionetas, furgonetas e demais vehículos de características análogas, con tonelaxe desde 1.500 Kg. ata 5.000 Kg	9,55.- €
5.- Toda clase de vehículos, con tonelaxe superior a 5.000 Kg.	11,55.- €

INMOBILIZACIÓN DE VEHÍCULOS

Por vehículos inmovilizados	15,30.- €
6.- Nas tarifas anteriores enténdense incluídos os gastos de aparellos mecánicos, depósito e custodia dos vehículos e persoal municipal necesario.	

CAPÍTULO II.

NORMAS DE XESTIÓN.

ARTIGO 9.-

O procedemento e actuacións municipais hanse adecuar á lexislación vixente en materia de circulación e seguridade vial.

ARTIGO 10.-

Realizado o traslado do automóbil ó depósito municipal, ou seu titular será requirido para que no prazo dun mes pague a taxa e recolla o vehículo.

O importe da taxa será liquidado e notificado ó interesado cando compareza a recoller o vehículo.

ARTIGO 11.-



Non serán devoltos ós seus propietarios os vehículos que foran obxecto de recollida sen facer antes o pagamento do importe das taxas correspondentes, que é independente das sancións ou multas procedentes pola infracción das normas de circulación ou policía municipal.

ARTÍGO 12.-

Transcorrido o prazo ó que se refírese o artigo 10º sen que o titular se fixera cargo do vehículo e pagara as taxas orixinadas, procederá o cobro por vía de constriximento.

Para este efecto, o vehículo obxecto de depósito terá a condición de ben embargable.

ARTÍGO 13.-

Cando os titulares dos vehículos depositados ou os seus domicilios fosen descoñecidos, as notificacións ás que se refírese o artigo 11º faranse mediante publicación de anuncios no Boletín oficial da Provincia por conta do interesado.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.